

Myriophyllum aquaticum

INVASORA NO ESTANQUE DE ECONÓMICAS

L. González González, M. Olveira Tomé, A. M. Pereira Balseiros, , S. Ramos Felípez
Oficina de Medio Ambiente (OMA) - Universidade de Vigo


A ESPECIE

Planta nativa de América do Sur, invasora en España. Talo erecto e forte. Follas filiformes, dándolle aspecto de pluma. Pode chegar a asomar na superficie da auga. Atópase en áreas temperadas. Prefire augas pouco profundas e con certa eutrofización. Habita principalmente en lagos de auga doce, lagoas, regatos, estanques e canles.

- División: Magnoliophyta
- Clase: Magnoliopsida
- Orde: Saxifragales
- Familia: Haloragaceae
- Xénero: *Myriophyllum*

LUGAR DE ACTUACIÓN

- Estanque artificial da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Universidade de Vigo)
- Parroquia de Zamáns
- Altitude media de 430 m






COMO CHEGOU?

- Introdución e dispersión mediada por persoas.
- Transporte por correntes de auga (hidrocoria).
- Transporte pasivo mediante maquinaria.
- Adherencia a aves acuáticas (epiornitocoria).
- Xestión inadecuada durante a erradicación.
- Redes de rega e obras hidrolóxicas.

IMPACTO NA NATUREZA

- Inflúe sobre as características físico-químicas da auga.
- Despraza as especies autóctonas.
- Co seu invasivo crecemento evita que chegue luz ao fondo, creando un ambiente ideal para a proliferación de larvas dalgúns insectos.
- Pode diminuír o aproveitamento da masa fluvial para regas e outros usos.





PLAN DE ACTUACIÓN

MÉTODO MECÁNICO/FÍSICO

1. Retiramos os exemplares de forma manual, procurando extraelos co sistema radicular completo.
2. Repasamos o fondo cun angazo para eliminarmos as raíces que seguían ancoradas.
3. Recollemos os restos flotantes coa axuda dun ganapán.
4. Trasladamos os restos a unha zona afastada da auga, onde acabarán secando.

É esencial manter un seguimento periódico e continuo, xa que a eliminación completa desta especie é complexa.





Máis de 1 m³ retirado